

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A COMPAÑÍA DE LAS HIJAS DE LA CARIDAD DE SAN VICENTE DE PAUL, DEL CENTRO ASISTENCIAL SAN PABLO Y SAN LAZARO, PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE ESTIMULACIÓN LÚDICO-DEPORTIVAS DESTINADO ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NO EJERCICIO 2023

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa Compañía de las Hijas de la Caridad de san Vicente de Paul, del centro asistencial San Pablo y San Lazaro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2023. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase a entidade dende o 1 de xaneiro de 2023 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e xuventude.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a concesión dunha subvención para o financiamento dos gastos derivados da execución das actividades formativas e de estimulación lúdico deportivas destinados ás persoas con discapacidade intelectual para desenvolver ou recuperar as capacidades e potencialidades de cada persoa, mellorando a súa calidade de vida e a súa integración social, que forma parte do programa que desenvolve a Compañía de las Hijas de la Caridad de san Vicente de Paul, del centro asistencial San Pablo y San Lazaro.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

A Compañía de las Hijas de la Caridad de san Vicente de Paul, del centro asistencial San Pablo y San Lazaro é a única entidade que conta cos recursos para atender a este colectivo de persoas, polo que o interés público e social desta concesión directa queda acreditada pola atención a este colectivo vulnerable, o que dificulta a súa convocatoria pública. As razóns de interese público, social e humanitario neste caso, no que o interese prioritario é o mantemento das persoas usuarias no centro, xa que o centro constitúe unha auténtica referencia vital para as persoas con discapacidade intelectual residentes nel, chegando a ser un verdadeiro fogar, polo que debe asegurarse a estabilidade e continuidade dos servizos. Esta excepcionalidade ao réxime de concorrencia competitiva establécese igualmente no artigo 31 da Lei 13/2008 do 3 de decembro.

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 apartado a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a especificidade





vén determinada pola atención personalizada ás persoas con discapacidade intelectual residentes no centro, que teñen idades comprendidas entre 16 e 59 anos, co obxecto de mellorar a súa calidade de vida e integración social e laboral.

Tendo en conta por unha banda a especificidade do programa polas características da actividade que se vai financiar, o colectivo ao que van dirixidas, e a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles; e por outra a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude, conforme ao previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas con discapacidade intelectual, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, quedando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en aplicación da Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, en relación do artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

